

A Cámara centra as súas accións de internacionalización nos mercados europeos

Ferrol. 17/04/2009. Dentro do plan de internacionalización elaborado polas Cámaras de Comercio de Galicia, a de Ferrol centrará as súas accións promocionais nos mercados centroeuropeos, a través de misións comerciais directas e inversas que alcanzarán, no primeiro semestre do ano, a un conxunto de dez países.

Así, están previstas dúas misións comerciais directas de exportadores galegos a Alemaña e Suíza, a comezos do mes de maio, e á República Checa e Hungría na segunda quincena de xuño.

Con estas accións, de carácter multisectorial, trátase, por unha banda, de consolidar mercados habituais, onde as empresas galegas e os seus produtos atoparon nos últimos anos unha boa acollida e, por outra, de buscar novas oportunidades de negocio, en países nos que a crise non ten un impacto tan acusado e nos que se observa un interesante grao de apertura comercial, como pode ser o caso de Suíza.

A iso hai que sumarlle as misións inversas, cun marcado carácter sectorial, como as xa celebradas en marzo para o viño e a planta ornamental e como a que se desenvolverá do 25 ao 28 de maio coa viaxe a Galicia dun grupo de importadores belgas de produtos *gourmet*.

En total, o programa de actuación das Cámaras dará ás empresas galegas a oportunidade de buscar novas oportunidades de negocio en máis de 30 países de Europa, Asia e América de aquí ata o mes de xullo, nun contexto económico de crise que fai que a expansión internacional sexa, máis que nunca, un obxectivo estratéxico.

Ademais das misións comerciais inclúe visitas a feiras de produtos biolóxicos, enerxías renovables, pesca ou sector naval; exposicións de produtos e encontros empresariais, como o que se celebrará en Dinamarca dedicado ás licitacións internacionais con Nacións Unidas.

Cando o novo executivo autonómico, encabezado por Alberto Núñez Feijoo, tome posesión, as Cámaras exporán a necesidade de concretar un novo plan de fomento da internacionalización das empresas galegas, ámbito no que estas entidades veñen traballando desde hai máis de vinte anos.

